

unidade didáctica

educación infantil
caderno do profesor

mandev



Unidades didácticas creadas dentro do marco de actuacións do Proxecto Mandeo

Edita:

Deputación Provincial da Coruña

Coordinación da serie

Deputación Provincial da Coruña:

Vicente Berrocal

Miguel Cachafeiro

Universidade da Coruña:

Jerónimo Puertas

Joaquín Suárez

ISBN: 978-84-9812-133-9

Depósito Legal: C-2299 / 2010

Textos, ilustracións, deseño gráfico e maquetación



TERRANOVA
Interpretación y Gestión Ambiental, S.L.

unidade didáctica

educación infantil

caderno do profesor

mandeo
paraíso fluvial

Obxectivos da unidade didáctica e materiais de traballo

O material que presentamos quérelle ofrecer ao profesorado recursos educativos para dinamizar o uso na aula do relato *Este é o conto do río Mandeo*, faino desde un punto de vista interdisciplinario arredor da auga.

Coas actividades propostas para cada unha das páxinas deste conto, o alumnado poderá coñecer de xeito lúdico e educativo os principais contidos que se abordan nel, pero axustados ao deseño curricular desta etapa.

Tamén se propoñen unha serie de actividades e recursos complementarios para favorecer un uso activo, prolongado e recorrente do relato na aula, abrindo multitude de posibilidades tanto para o seu uso continuo como esporádico.

Nesta unidade didáctica que tes nas túas mans perséguese os seguintes obxectivos:

- Familiarizar o alumnado co río Mandeo e a súa cunca, cos seus valores naturais e co coidado e respecto do contorno en cada unha das nosas accións cotiás, incidindo especialmente en todo o relacionado co uso de auga.
- Provocar no alumnado actitudes de curiosidade e interese cara ao medio natural, e en concreto cara aos ecosistemas fluviais.
- Relacionar comportamentos diarios e usos da auga familiares para o alumnado coa súa influencia na conservación dos ríos, establecendo relacións causa-efecto para potenciar actitudes respectuosas co contorno no seu día a día.
- Familiarizar o alumnado coa dinámica do ciclo da auga, cos procesos de potabilización, depuración, obtención de enerxía, e, en definitiva, coa relación entre a auga dos ríos e a auga doce da que gozamos.

mandeo
paraíso fluvial



Como chove! Sabes por que?

É vital que os nenos coñezan os procesos naturais da vida e aprecien a súa relación cos recursos naturais que necesitamos no día a día. Neste caso farémolo a través de entender a importancia das nubes e de observar o seu proceso de formación.

As nubes están feitas de pequenas gotas de auga que flotan no aire, e na súa formación é necesaria a presenza de elementos como a auga procedente dos mares e ríos, aire quente, aire frío, etc.

Áreas curriculares

- Coñecemento do contorno.

É importante que coñezan que a auga do río Mandeo é igual que as pequenas gotas que conforman as nubes que eles poden identificar na paisaxe.

Obxectivos

- Aprender que son as nubes e identificalas como un elemento da paisaxe positivo e necesario.
- Relacionar as nubes e a chuvia coa obtención da auga para o seu uso doméstico.

Bibliografía

- **Centro de Experimentacións Escolar de Pedernales.** 2005. *Auga: Propostas para abordar la diversidad.* Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco, Vitoria-Gasteiz. 1 carpeta.
- **EMASESA.** 2010. *Zona infantil de EMASESA.* Empresa Metropolitana de Abastecimiento y Saneamiento de Aguas de Sevilla. URL: <http://www.aguasdesevilla.com/infantil/infan/index.html> [con acceso: 23/08/2010].

Suxestións didácticas

FABRICANDO NUBES


Para que poidan observar como a partir da auga do río se poden formar as nubes, necesitaremos:

- un bote de cristal con tapa
- auga moi quente
- unhas pedras de xeo
- un flexo

Este experimento pode realizalo o profesor mentres o alumnado observa o proceso.

Poñemos uns 5 centímetros de auga (moi quente) no recipiente e tapamos. Deixámola entre 3 e 9 minutos para que se forme vapor. Pasado ese tempo, colocamos uns cubiños de xeo sobre a tapadeira.

Escurecemos o cuarto e situamos o flexo detrás do tarro. Entón observaremos como se vai formando unha nube dentro do recipiente. Isto débese á condensación do vapor de auga grazas ao frío do xeo.



Fervenzas no río Zarzo (Irixoa)

Así nace o río Mandeo

Os ríos discorren sempre a favor da pendente, desde as zonas máis altas de montaña ás máis baixas de desembocadura.

Trataremos de que os nenos se familiaricen coa necesidade de que haxa pendente para que a auga dos ríos poida chegar ao mar. Relacionan maior pendente con maior velocidade da auga?

O Mandeo ten as súas maiores pendentes no seu tramo medio, onde discorre encaixado, entre Aranga e Betanzos. Na parte alta (chaira de Sobrado e Curtis) e na desembocadura (Betanzos, Paderne, Bergondo) a súa pendente é mínima.



Áreas curriculares

- Coñecemento do contorno.
- Coñecemento de si mesmo, autonomía persoal.

Obxectivos

- Confirmar que a auga do río necesita de pendente para chegar ao mar.
- Relacionar a velocidade da auga dun río coa pendente.
- Comprender que o río ten tramos de diferentes pendentes.

Bibliografía

- **Centro de Desarrollo del Somontano.** 2001. *Cuaderno de apoyo para el profesorado.* Centro de Desarrollo del Somontano, Barbastro (Huesca).
- **Court, J.** 1986. *Charcas y arroyos.* Editorial Anaya, Madrid.
- **Larruskain, J. & Muela, L.** 1998. *Educación ambiental sobre ríos. Educación primaria.* Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco, Vitoria-Gasteiz. 1 carpeta.
- **Pérez-Lucas Alba, M. D.** 1989. *Don Río.* Colección Cuentos Ecológicos. Editorial Everest, León.

CREAMOS UN RÍO

Suxestións didácticas

Necesitaremos un balón de espuma e unha tea longa.

Colocamos os nenos nunha fila dobre. Ao principio da fila podemos poñer un mural, fotografías ou unha silueta para ilustrar as montañas. Ao final da fila teremos que situar algo que lles pareza a desembocadura e o mar.

A tea será o leito do río. Os nenos agarran a tea. Os que están situados na zona das montañas poden subir a unha cadeira para estar máis altos. Aguantan a tea cos brazos elevados. Os que están cara á zona da desembocadura, agacharanse para ter os brazos máis baixos.

Poremos un balón na zona de montaña e temos que conseguir que chegue á desembocadura sen caer.

Os nenos que están no medio poden cambiar a pendente do “río” levantando os seus brazos un pouco ou agachándose para observar os movementos da “auga” (o balón). Podemos intentar diferentes combinacións.

Somos capaces de formar unha ferverza? E unha poza no río?



Cada vez hai máis auga!

O Mandeo non está só ao longo do seu percorrido. Recibe as augas dos seus afluentes ao longo dos seus 56 km. O maior deles é o Mendo, que se une a el en Betanzos. Outros afluentes importantes son o Zarzo, o Deo ou o Cambás, que lle achegan auga e modifican tanto o seu caudal como a paisaxe que este crea.


En realidade, cada afluente é un río en si mesmo e pode formar a súa propia cunca, coa diferenza de que desemboca no Mandeo e non na ría de Betanzos.

Áreas curriculares

- Coñecemento do contorno.

Obxectivos

- Descubrir que o río Mandeo despois do seu nacemento recibe auga doutros ríos antes de desembocar no mar.
- Relacionar a diferente cantidade de auga do río no seu percorrido coa presenza de afluentes.



Bibliografía

- **Leiro, A. & Daporta, L.** 2002. *A auga*. Enciclopedia Temática Ilustrada. A Nosa Terra, Vigo.

Suxestións didácticas

CADA AFLUENTE ACHEGA A SÚA AUGA

Para que os nenos se familiaricen coa orografía do curso dun río, propónse a realización dunha maqueta moi simple de xeito colectivo que conteña os seguintes elementos: varias montañas, mar, río e afluentes, vexetación, algún animal... Necesitaremos plastilina de varias cores. Podemos empregar materiais como ramiñas ou area naturais, pero tamén animais de xoguete, casiñas, etc.

Sobre unha base de papel continuo ou cartón faremos as montañas nun extremo e a desembocadura no outro.

Cada neno terá un tramo de río en plastilina de igual tamaño. Comeza o primeiro deles poñendo na parte alta da montaña un tramo do que sería o nacemento do Mandeo. A continuación outro neno poñerá a un lado un afluente con outro tramo de igual tamaño. A continuación serán entón necesarios para continuar dous tramos de plastilina azul para seguir facendo o curso do Mandeo, pois agora leva o dobre de auga. Cada vez que un neno lle suma un afluente ao curso do Mandeo, este será máis ancho e necesitaremos a achega de tramos de plastilina azul de máis nenos, que irán visualizando un río cada vez máis ancho cando chega ao mar.

Á natureza encántalle a auga

Ademais da propia fauna e vexetación acuática presente nos ríos, os bosques de ribeira, coas súas especies adaptadas á humidade, crean excepcionais corredores biolóxicos e teñen un singular valor por ser o refuxio de numerosa fauna e flora.

No río Mandeo podemos gozar dunha enorme diversidade de sons que son fiel reflexo da biodiversidade de especies e ecosistemas que asociados a eles podemos atopar.



Áreas curriculares

- Coñecemento do contorno.
- Comunicación e representación.



Libélula emperador

Obxectivos

- Coñecer e gozar con diferentes sons vinculados a un río.
- Identificar algúns sons de animais propios do río.
- Desenvolver curiosidade e reaccións positivas cara á fauna presente nos ríos.

Bibliografía

- **Candiotti Lopez Pujato, C.; Gertrudix Barrio, M. & de la Fuente López, M. Á. (coord.).** 2010. *Banco de imáxenes y sonidos*. Instituto Superior de Formación y Recursos en Red para el Profesorado - Instituto de Tecnologías Educativas (Ministerio de Educación), Madrid. URL: <<http://recursositic.educacion.es/bancoimagenes/web/>> [con acceso: 23/08/2010].
- **Hérelle, J. L.** 2005. *Historia del agua*. Alosa Sons de la Natura, Barcelona. 1 CD (64 min).
- **Núñez Pérez, M.** 2002. *Os ríos*. Enciclopedia Temática Ilustrada. Editorial A Nosa Terra, Vigo.

ESCOITAR O RÍO

Suxestións didácticas

Para o desenvolvemento desta actividade poderemos empregar dous recursos diferentes:

1. Sons relativos á auga e ao río.
2. Ilustracións impresas dos diferentes sons que seleccionemos.

Previamente seleccionamos nestes materiais diferentes sons relacionados tanto cos ecosistemas fluviais (auga, vento) como con determinadas especies de mamíferos, aves ou anfibios que viven no río Mandeo.

Iremos reproducindo cada un dos sons e os nenos terán que adivíñalos. Se temos as ilustracións previamente seleccionadas, tamén as podemos colocar a modo de mural, de maneira que o alumnado as teña que ir sinalando e movéndose polo espazo escollido.

Chámome merlo rieiro



O merlo rieiro, o protagonista, é un paxaro especial. Gústalle mergullarse nos rápidos do Mandeo á captura de insectos que son a base da súa alimentación. Esas mesmas presas son a dieta básica da troita, o peixe máis abundante no río.

Os invertebrados acuáticos son fundamentais para a supervivencia do resto das especies animais. Entre eles están as libélulas, os escaravellos, as moscas das pedras, frigáneas... A maior parte das súas larvas viven no fondo do río antes de se transformaren en insecto adulto.



Merlo rieiro



Larva de libélula

Áreas curriculares

- Coñecemento do contorno.
- Comunicación e representación.

Obxectivos

- Identificar os distintos animais do medio natural, analizando as súas características.
- Enriquecer o vocabulario.
- Utilizar as técnicas de pintura, modelaxe, canto e dramatización para aumentar as súas posibilidades expresivas, creando imaxes e producións plásticas, valorando as súas producións e as dos demais.
- Fomentar no alumnado actitudes de respecto e aprecio cara a todos os seres vivos.

Bibliografía

- Núñez Pérez, M. 2002. *Os ríos*. Enciclopedia Temática Ilustrada. A Nosa Terra, Vigo.

Suxestións didácticas

QUEN VIVE NO RÍO?

Material:

- Fichas para colorear
- Variñas de madeira
- Pinturas de cores
- Cordón
- Pegamento de barra
- Cinta adhesiva

Con copias dos debuxos representados no conto (ra, libélula, troita, merlo rieiro, picapeixe, londra...) realízanse fichas para colorear.

A cada alumno correspóndenlle dúas fichas nas que se representa o mesmo animal, que formarán as dúas caras da figura. Unha vez coloreadas, cómpre cortalas polos bordos e pegar o cordón á parte interior dunha das caras con celo no centro de gravidade do debuxo. A continuación péganse as dúas caras da figura e átanse a unhas variñas de madeira.

Pódese utilizar a actividade para agrupar os animais en distintos grupos por semellanzas de características (insectos, anfibios, aves, mamíferos).

O Mandeo dá de beber a todos!

Coas seguintes páxinas intentaremos introducir o tema do uso da auga para beneficio do ser humano.

O primeiro dos usos é o aplicado á agricultura e gandaría. De forma natural os seres vivos aproveitan a auga dos ríos, regatos, regueiros... Para que a agricultura e a gandaría sexan produtivas, un dos factores máis importantes é a auga. Os prados e cultivos necesitan rega adicional ademais da chuvía. O gando utiliza a auga directamente para beber, pero tamén indirectamente a partir da herba dos prados. O 75% da superficie agraria da cunca do Mandeo destínase a pastos e cultivos forraxeiros para o gando.



Áreas curriculares

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.



Prados para o gando

Obxectivos

- Coñecer os lugares onde está a auga (mares, ríos...).
- Coñecer os obxectos de hixiene persoal e usalos axeitadamente (cepillo de dentes, xabón...).
- Realizar autonomamente os hábitos básicos de hixiene persoal.
- Fomentar un uso cotián da auga axeitado.
- Desenvolver curiosidade e reaccións positivas cara á fauna presente nos ríos.

Bibliografía

- **Grinberg, D.** 2008. *Experimentos con plantas*. Ediciones SM, Madrid.

ASÍ BEBEN AS PLANTAS

Suxestións didácticas

Necesitamos un porro fresco con raíces, un bote de cristal transparente, colorante alimentario vermello (ou no seu defecto mercromina) e auga. Esta experiencia realizarase en gran grupo.

No bote de cristal transparente mesturaremos a auga (uns 5 centímetros) co colorante. Unha vez que colla a cor, introducimos o porro. Debemos esperar un pouco e observar como co tempo vai cambiando a cor.

Tras a observación, entre todo o grupo intentaremos explicar o que aconteceu. Algunhas preguntas que podemos facer son:

- Por que cambia de cor o porro?
- Se en vez de colorante fose unha substancia contaminante, que acontecería?
- Que efectos tería nos animais e plantas?. E nas persoas?



O río nunca para!

A enerxía da auga pódese utilizar de diversas formas. Antigamente eran os muíños os que transformaban esta enerxía na forza necesaria para fabricar a fariña.

Nas centrais hidroeléctricas, esta enerxía transfórmase en electricidade. A auga do río desvíase por unha canle ata un encoro.

Mediante unha canalización faise caer sobre as pas das turbinas que moven os xeradores que producen a electricidade.

As cinco centrais da cunca do Mandeo xeran enerxía abonda para abastecer 17.000 fogares (case toda a poboación da cunca).

Áreas curriculares

- Coñecemento do contorno.

Obxectivos

- Aproximarse a todo aquilo que dunha forma ou outra está relacionado coa enerxía eléctrica.
- Comezar a entender a importancia que a enerxía ten na nosa vida.
- Fomentar no alumnado actitudes de respecto e aprecio cara a todos os seres vivos.



Central hidroeléctrica Mandeo-Zarzo

Bibliografía

- Núñez Pérez, M. 2002. *Os ríos*. Enciclopedia Temática Ilustrada. A Nosa Terra, Vigo.

Suxestións didácticas

ONDE HAI ENERXÍA ELÉCTRICA?

Explórase o colexio en busca daqueles elementos que teñen que ver coa enerxía para tomar conciencia da importancia que esta ten na vida cotiá. Isto dará pé a explicar de xeito sinxelo de onde provén a enerxía para o consumo, co fin de que o alumnado comece a concienciarse da necesidade de reducir o consumo enerxético.

Comeza a actividade invitando ao alumnado a dar un paseo polo colexio. Será como unha viaxe de exploración na procura da enerxía. Durante o traxecto marcarán cun pequeno adhesivo de cor todos aqueles obxectos que teñan que ver coa enerxía.

Unha vez na aula, recordarán que cousas se marcaron: unha lámpada, un enchufe, un radiador, etc.

Cantos dos aparellos que estaban acendidos non estaban sendo usados? Comentar a necesidade de apagar os aparellos que non se usan para reducir o consumo de enerxía, e coméntar co grupo de forma simplificada de onde vén a enerxía eléctrica que consumimos.

Polas canalizacións

A partir do río ou o manancial os seres humanos intervimos no ciclo da auga, producindo un “ciclo urbano” que inclúe unha serie de procesos: captación, potabilización, distribución, depuración. O obxectivo: garantir un correcto abastecemento de auga.

Grazas a estes sistemas, un 63% da poboación da conca do Mandeo está abastecida mediante redes municipais. O resto séguese abastecendo mediante pozos ou mananciais.

Nos domicilios, cada un de nós utiliza unha media de 143 litros de auga por habitante e día.



Áreas curriculares

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Comunicación e representación.

Obxectivos

- Desenvolver comportamentos de respecto e coidado no uso da auga.
- Axudar á adquisición de hábitos e habilidades relacionados coa auga encamiñados ao coidado e á hixiene do corpo e a saúde.
- Coñecer o vocabulario relacionado coas estancias da casa e da escola e dos obxectos que se usan en cada unha delas vinculados ao consumo de auga.

Bibliografía

- **Guijarro Arcas, M.; Acale Sánchez, L.; Martín Martín, C.; Solozábal Herrera, A. & Vico Ramírez, T.** 1992. *Jugamos con el agua y la conocemos*. Consejería de Educación y Ciencia - Consejería de Cultura y Medio Ambiente - Agencia de Medio Ambiente (Junta de Andalucía), Málaga. URL: < <http://www.juntadeandalucia.es/medioambiente/site/web/>> [con acceso: 23/08/2010].
- **Pérez-Lucas Alba, M. D.** 1989. *Don Río*. Colección Cuentos Ecológicos. Editorial Everest, León.

AUGA PARA TODO

Suxestións didácticas

A auga está presente en todas as actividades humanas. Necesitamos tomala para manter as funcións vitais, para a limpeza do contorno e persoal, para cociñar, para practicar deportes e para divertirnos.

A actividade empeza cunha posta en común na que identificamos distintos usos da auga: domésticos e lúdicos.

Unha vez identificados, dividimos a aula en grupos que competirán por equipos para tratar de adiviñar cal das actividades antes identificadas se está a escenificar mediante mímica.

Exemplos de actividades: lavar os dentes, ducharse, bañarse, beber un vaso de auga, regar as plantas, nadar, remar nunha barca e pescar.



Fonte da Milagrosa (Aranga)



Que mágoa! Hai lixo no río!

A contaminación non é un problema alleo ao río Mandeo. Ás súas augas chegan os residuos xerados polos núcleos de poboacións rurais, que en moitos casos carecen de sistemas de tratamento de augas residuais e verten directamente ao río. As elevadas densidades de gando e a grande extensión de terreos agrícolas poden ocasionar contaminación por verteduras de zuros. As verteduras industriais poden conter substancias tóxicas, sólidos, etc.

Como consecuencia, a auga que se devolve á cunca do Mandeo despois do seu uso debe ser depurada para eliminar a carga contaminante.



Río Mandeo ao seu paso por Chelo

Áreas curriculares

- Coñecemento do contorno.
- Comunicación e representación.

Obxectivos

- Coñecer a importancia da auga para os seres vivos.
- Reflexionar sobre os residuos xerados.
- Comezar a practicar hábitos de reutilización e aproveitamento de diferentes materiais.

Bibliografía

• **Arana Navarides, L.; Castellano Martínez, A.; Elejalde Echeberría, I. & López Moreno, M. C.** 1996. *Educación infantil*. Departamento de Ordenación del Territorio, Vivienda y Medio Ambiente. Administración de la Comunidad Autónoma del País Vasco, Vitoria-Gasteiz. 1 carpeta.

Suxestións didácticas

HAI LIXO NA AUGA!

Para que poidan entender a problemática da contaminación do río, proponlles a seguinte actividade, na que participarán tanto de forma individual como colectiva.

Enchemos un barreño con auga ata a metade e poñemos un xoguete de plástico dalgún dos habitantes do río (ra, pato...). Cada día, os alumnos irán depositando no barreño algúns dos residuos xerados na aula.

Tamén poden traer da súa casa algún dos residuos (botes baleiros, tetrabriks, botellas...) que vaian tirar ao lixo e que irán incorporando tamén ao barreño. Podemos botar algunha substancia que simule unha contaminación química, como colorantes, e outras como area ou pedras. Co paso dos días o habitante do río vai quedando sen sitio ata que ao final desaparece por tanto lixo acumulado.

De cando en vez podemos retirar algo de auga cunha xerra e engadir outro tanto de auga limpa (“a auga do río corre”).

Para finalizar a actividade, analizarán en gran grupo os efectos que os residuos causan aos seres vivos que viven nos ríos e que podemos facer nós para axudalos.

Para que o río volva correr limpo e contento!

A auga que chega ás nosas casas mediante a rede de distribución pasou previamente por un sistema de potabilización nas Estacións de Tratamento de Auga Potable (ETAP).

Despois de usala, devólvese ao medio acuático natural, pero antes debe pasar por un proceso de depuración para que a súa calidade sexa a mellor posible. Isto realízase nas Estacións Depuradoras de Augas Residuais (EDAR).

Algúns dos procesos que nelas se realizan son: filtración, decantación e desinfección.



Áreas curriculares

- Coñecemento do contorno.
- Comunicación e representación.

Obxectivos

- Tomar conciencia de que, se se contamina ("ensucia") a auga, os seres vivos sufrirán os seus efectos.
- Iniciarse en aspectos relacionados co tratamento da auga e a súa relación coa saúde.
- Desenvolver comportamentos de respecto e coidado do medio natural.

Bibliografía

- Díaz, M. L. 1994. *Fichero de actividades de educación ambiental*. Consejería de Educación y Ciencia de la Junta de Andalucía, Sevilla. 1 carpeta.



EDAR de Coirós

O ACEITE FLOTA

Suxestións didácticas

Somos capaces de eliminar o aceite da auga? Usaremos a parte superior dunha botella de plástico cortada pola metade. No tapón o profesor practica un ou varios pequenos buratos. Invertemos a botella e enchémola con auga ata a metade, tapando o burato do tapón con plastilina. Agora engadimos unhas gotas de aceite e axitamos suavemente. Esperamos a que o aceite forme gotiñas na superficie.

Agora sacamos a plastilina e deixamos que a auga caia na outra metade da botella (sen que chegue a caer o aceite).

- Onde queda o aceite?
- Mánchase a auga de aceite ou graxas na nosa casa?
- Pode haber aceite ou graxas no río?



O río chega ao mar

O río Mandeo, tras percorrer máis de 56 quilómetros desde o seu nacemento nos montes do Corno do Boi (Sobrado), chega á súa desembocadura, onde se une co río Mendo, formando a ría de Betanzos.

A mestura de auga doce do río coa salgada do mar e a influencia das mareas crea un ecosistema moi rico en nutrientes e de alta calidade ecolóxica: as marismas.

Tanto a ría como unha parte do Mandeo, do Mendo e do Zarzo, forman parte do espazo natural protexido Mandeo-Betanzos, un lugar de importancia comunitaria da Rede Natura 2000.

Áreas curriculares

- Coñecemento do contorno.
- Comunicación e representación.

Obxectivos

- Gozar do ecosistema litoral de forma respectuosa.
- Coñecer *in situ* algunhas características e elementos do ecosistema praia.
- Recoñecer a diferenza de auga doce e auga salgada en función de diferentes factores.

Bibliografía

- **Torre Oleaga, G.; Gómez de Segura Sancho, C. & Muela Brouard, L.** 2000. *Azterkosta unidades didácticas: educación ambiental sobre la costa. Educación primaria.* Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco, Vitoria-Gasteiz. 1 carpeta.


Suxestións didácticas

DE PASEO POLO PEDRIDO

As actividades ao aire libre e en contacto directo co medio son un aliciente para o alumnado e poden servir como actividade de conclusión a un proxecto ou unidade didáctica.

Unha zona interesante para facer un pequeno paseo de descubrimentos con alumnos de educación infantil é a praia do Pedrido (Bergondo).

Unha vez na praia distribuírase ao alumnado en pequenos grupos, cada un dos cales deberá recoller diferentes elementos presentes na area: cunchas, plumas, algas, bolsas, cordas, latas... Tras aproximadamente 15 minutos, reúnese todo o grupo, sentan en círculo e depositanse os elementos recollidos no centro. Entre todos clasifícanse en elementos naturais da praia e elementos artificiais. Os elementos artificiais íranse poñendo nunha bolsa para tiralos no lixo ao marchar.



Praia do Pedrido

Despedida

Moitas grazas por empregar esta unidade didáctica.

Esperamos que che resultase un bo complemento para o traballo na aula co relato “Este é o conto do río Mandeo”.

Con todas as actividades suxeridas aquí esperamos que os teus alumnos e alumnas gozasen achegándose á importancia da conservación dos ríos e de coñecer todos os servizos que nos ofrecen.

Pero agora que sabedes algo máis do río Mandeo e do seu contorno, pode ser unha boa oportunidade para colaborar co Proxecto Mandeo a través do programa “Río Mandeo. Víveo, é teul!”

Non deixes pasar esta oportunidade. Infórmate no teléfono 881 242 848 ou na web:

www.riomandeo.com

A vosa achega non remata aquí. O Mandeo espérvavos!



mandeo
paraíso fluvial

www.riomandeo.com

mandeo

paraíso fluvial

Deputación da Coruña.
Alférez Provisional nº 2. 15006 A Coruña.
Tfno: 981 080 300



DEPUTACIÓN
DA CORUÑA



FONDO EUROPEO
DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
Unha maneira de facer Europa